

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte da vida longa

Editorial: Colexio Público de Xove /Concello de Xove

Ano de publicación: 1989.

Lugar de publicación: Xove

Coordinadores: Marica CAMPO DOMÍNGUEZ

/ Xosé GONZÁLEZ BARCIA

Colaboradores: Sandra GÓMEZ ENRÍQUEZ / Elena IGLESIAS BERMÚDEZ / Patricia PEROCIER MARTÍN

/ Nuria VÁZQUEZ GARCÍA.

Descrición: 69 páx.

Así se titula un libro editado polo concello de Xove en 1989, coordinado polos profesores Marica Campo Domínguez e Xosé González Barcia, e feito polos alumnos do colexio público deste concello da provincia de Lugo.

Tomaron o título para o libro das marabillosas propiedades dunha fonte, sita na parroquia de Rigueira, Xove (Lugo), da que se di que sempre está rodeada de serpes, e que se algunha persoa bebe nela e nese intre o morde unha daquelas cobras vivirá moitos, pero que moitos anos.

Os informantes, hai segredos moi gardados, non nos din o nome nin o lugar exacto da fonte: ¡A Rigueira é tan grande e ten tantas!



BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, Concello de Xove, 1989.